



Guía para a redacción da memoria do proxecto de doutoramento industrial

Introdución

A memoria é o elemento central para avaliar a calidade e viabilidade do proxecto de doutoramento industrial que se vai realizar, e a súa avaliación, realizada por persoas expertas externas nas ramas de coñecemento relacionadas co obxecto da tese, terá unha puntuación máxima de 35 puntos dos 100 posibles na valoración total da convocatoria.

No marco da convocatoria, a memoria debe elaborarse segundo o modelo establecido no Anexo III, que se estrutura en seis subapartados diferenciados. Do contrario, non será valorada.

A continuación, preséntanse unha serie de recomendacións prácticas para abordar cada un dos subapartados, co obxectivo de apoiar a elaboración dunha memoria ben estruturada, comprensible e axustada aos criterios de avaliación establecidos.

Obxectivos e contidos básicos (ata 10 puntos)

- Definir un obxectivo xeral concreto, claro e específico, non demasiado amplo nin abstracto.
- Desglosar o obxectivo xeral en obxectivos específicos ou fitos, cunha lóxica progresiva cara ao resultado final.
- Ligar os contidos á consecución de cada obxectivo: evitar listas de tarefas inconexas.
- Incluir, sempre que sexa posible, indicadores que permitan avaliar o éxito de cada obxectivo.
- Fomentar a coherencia interna: cada parte da memoria debe conectar cos obxectivos propostos.

Viabilidade do proxecto (ata 5 puntos)

- Xustificar por que o proxecto é viable cos medios dispoñibles (humanos, técnicos e financeiros).

- Identificar riscos técnicos, científicos, de execución ou regulamentarios, e propoñer medidas ou estratexias para a súa mitigación.
- A viabilidade non consiste en negar os riscos, senón en demostrar capacidade de anticipación e planificación profesional.
- Argumentar a experiencia e solvencia tanto do grupo universitario como da empresa participante.

Valor singular, impacto socioeconómico potencial e impacto sobre a I+D da empresa (ata 6 puntos)

- Identificar que fai único ao proxecto respecto ao estado da arte ou proxectos similares.
- Describir impactos esperados máis alá do académico: industriais, sociais, ambientais ou rexionais.
- Empregar indicadores de impacto medibles, evitando frases xenéricas como "mellorará a competitividade".
- Citar sectores RIS3 ou outras áreas estratéxicas como exemplo de relevancia do proxecto.

Avance do coñecemento e impacto científico-técnico (ata 5 puntos)

- Presentar unha revisión actualizada do estado do coñecemento e identificar un baleiro ou problema concreto.
- Formular hipóteses ou preguntas de investigación claras, cun enfoque riguroso.
- Indicar como se validarán os resultados (probos, experimentación, simulacións, etc.).
- Explicitar que tipo de avance se espera: método novo, modelo, evidencia, tecnoloxía, patente...

Metodoloxía e planificación temporal (ata 4 puntos)

- Describir a metodoloxía escollida e os procedementos asociados, xustificando a súa elección.
- Incluir detalles sobre instrumentación, software, materiais, protocolos...
- Presentar un cronograma claro e visual, coherente cos obxectivos e recursos dispoñibles.
- Evitar planificación excesivamente xenéricas (ex. "fase 1: investigación; fase 2: resultados"); concretar tarefas, tempos e fitos.